

Resumo da colaboración

Título: COMPARTICIÓN E COLABORACIÓN APROVEITANDO A WEB 2.0

Centro da experiencia: I.E.S. FRANCISCO DAVIÑA REY

Autor:

| | | |
|--------|--------------------------|---------------------------------------|
| Autor/ | Nome apelidos | Luis Vázquez López |
| | | |
| | Centro traballo/Entidade | I.E.S. Monte da Vila e I.E.S. de Poio |

Email de contacto: luisvazquez@edu.xunta.es

Breve resumo: *Mellora da didáctica facendo uso das posibilidades que ofrece o novo contexto da WEB 2.0, cunha participación activa por parte dos alumnos, eles axudaron no desenrolo, co cal hai traballo en grupo nun proxecto real. Ademais esta experiencia favorece a redución do emprego do papel mellorando a sostenibilidade medioambiental.*

Obxectivos:

| | |
|------------|---|
| Obxectivos | Empregar de maneira habitual as TICs |
| | Mellorar a metodoloxía didáctica |
| | Aproveitar o novo contexto da WEB 2.0 |
| | Mellorar a sostibilidade medioambiental |

TICs utilizadas:

| | |
|-----------------|---|
| TICS UTILIZADAS | Ordenador con conexión a Internet. |
| | Páxina web propia do grupo (desenrolada polos alumnos coa guía do profesor) |
| | Blog do grupo (desenrolada polos alumnos coa guía do profesor) |
| | Aproveitar os servizos de Google gratuítos |
| | Retroproyector (Para o traballo en grupo na clase) |

Bibliografía/Ligazóns de interese:

Páxina do proxecto web e blog dos alumnos de 1º do Ciclo Superior de Telecomunicacións e Informática do I.E.S. Francisco Daviña Rey (2009) <http://www.cstimonforte.tk/> (Sen soporte)

Coll, C., Mauri, T. y Onrubia, J. (2005). *Technology and pedagogical practices: ICT as mediation tools in joint teacher-student activity*. Traballo presentado na American Educational Research Association 2005 Annual Meeting. Montréal, Canada

Coll, C., Mauri, T. y Onrubia, J. (2008). Análisis de los usos reales de las TIC en contextos educativos formales: una aproximación sociocultural. *Revista Electrónica de Investigación Educativa*, 10 en: <http://redie.uabc.mx/vol10no1/contenido-coll2.html>

Jonassen, D. H. (2006). Modeling with technology: Mindtools for conceptual change. Columbus, OH: Pearson-Prentice Hall.

Página web do I.E.S. Francisco Daviña Rey (2009) <http://centros.edu.xunta.es/iesfranciscodavinarey/>

Revista EL FORMADOR, (2009) nº: 19 "Dar calidad no es una habilidad, es una elección", Málaga, <http://www.servicios-gi.es/elformador/index.html>

Descrición da experiencia:

Resumo:

O comezo do curso xórdeme a forma de impartir a materia e de levar a cabo o rexistros do caderno de profesor e do caderno de titor, e de como interactuar cos alumnos de maneira que lle resulte atractivo e a vez barato. Co cal considero que non debo de abusar de fotocopias, tamén teño que ter en conta que moito do material que vamos a empregar para o módulo de Sistemas Operativos e Programación está dispoñible de forma libre en Internet.

En canto os rexistros que impón o estándar de calidade que dispón o centro elixín a versión do caderno de profesor dixital que hai dispoñible e as páxinas do caderno titor dixitalizeinas e téñoas en formato electrónico.

Suxerínlles os alumnos o de realizar unha páxina web e un blog a parte dunha conta en Google que xa fixera o primeiro día da clase, o cal se uniu desde un principio todo o grupo, pero dunha maneira moi importante o delegado do grupo Javier Rodríguez Rodríguez o cal sen a súa axuda non sería posible acadar os obxectivos planeados nesta experiencia. O alumno citado desde un principio asumiu o rol de webmaster e líder do grupo.

Palabras Clave: TIC, Web 2.0, Telecomunicación e Informática, CSTIMonforte

XUSTIFICACIÓN

Internet é un mundo en constante mudanza. Anos atrás o acceso á rede non estaba ao alcance de todos. Era difícil poder publicar contidos web: páxinas lentas, de pobre deseño e pouco atractivo, e totalmente estáticas, feitas para ser lidas.

Hoxe todo é distinto. Son maioría os profesores que contan cunha conexión á rede rápida e fiable, dende o seu centro ou dende a súa casa, e o mesmo ocorre cos alumnos.

Nestes últimos anos, a Consellería de Educación aproveitando a importante baixada de prezos das novas tecnoloxías (ordenadores, impresoras, despunte do software libre,...) e da mellora do ancho

de banda a Internet fixo un importante esforzo dotando aos centros educativos de múltiples puntos de conexión, ordenadores, etc, debuxando así un panorama moi diferente do que vivíamos hai anos. Fálase dunha nova etapa na historia da rede, a chamada web 2.0, onde o protagonista agora é o internauta. A rede deixou xa de ser patrimonio de programadores expertos e hoxe calquera pode subir os seus propios contidos. O internauta exclusivamente lector deixou paso a un internauta lector-escritor. Agora prima a colaboración, a posta en común, a participación. As páxinas web, antes estáticas, cobran vida. Non só lemos senón que tamén publicamos, facemos comentarios, compartimos arquivos, etc.

Os típicos representantes desta web 2.0 son os chamados “*espazos de xestión compartida de información*”, ferramentas sinxelas e de fácil uso, que permiten compartir e editar. Entre os máis usados están os seguintes:

- Wikis: editores de textos compartidos por varios usuarios. O máximo expoñente sería a [Wikipedia](#).
- Espazos para compartir arquivos: [Google docs](#), [YouTube](#), [flickr](#), etc.
- Marcadores de favoritos: [blinklist](#), [del.icio.us](#)
- Espazos sociais: [Myspace](#), [Google groups](#), etc.
- Blogs ou bitácoras, páxinas de fácil edición e deseño, abertas á participación dos lectores cos seus comentarios, coa sindicación ou subscricións dos seus contidos e a inserción de etiquetas, que permiten unha rápida e eficaz clasificación da información.

Co cal se tiñamos todo isto o noso alcance, como debía de influír na metodoloxía didáctica, que o profesor debía de utilizar para que os alumnos lle fose máis fácil de acadar os coñecementos precisos; tendo en conta que había uns obxectivos que acadar que entre eles era:

- Empregar aplicacións ofimáticas para o desenvolvemento de actividades de xestión, de elaboración de documentación e de presentación de información.

E unhas competencias básicas:

- Modificar e/ou, elaborar procedementos para o mantemento dos sistemas informáticos monousuario e multiusuario, optimizando os recursos humanos e materiais, garantizando a operatividade e seguridade na súa aplicación.
- Codificar os programas na linguaxe apropiada a partir do algoritmo deseñado previamente, seguindo as directrices da programación estruturada, modularizando ao máximo posible a solución.
- Verificar o correcto funcionamento da aplicación, empregando técnicas de depuración co fin de aproveitar ao máximo os recursos do sistema.

Para o cal o emprego de forma conxunta das TIC no ensino axudáballe os alumnos a hora de acadar algún dos obxectivos e das competencias básicas que tiñan que lograr o longo do curso e favorece o seu interese pola materia. Tamén debíase de ter en conta que ía a pasar con eles un total de 11 sesións a semana o cal significaba que moitos días íamos estar xuntos 3 sesións. Ademais eu son o titor do grupo.

OBXECTIVOS

Durante o curso 2008/09 quixen mellorar a didáctica clásica que empregara ata o momento facendo uso das novas posibilidades que me ofrece este novo contexto da web2.0., tendo en conta a situación e o contexto no cal me encontraba que eran:

- Debido a que tiña que tutorizar e impartir o módulo de Sistemas Operativos e Programación do Ciclo Superior de Telecomunicación e Informática, onde cada alumno dispón de ordenador, conexión a Internet, hai retroproyector na clase, impresora, ...
- O primeiro que fixemos foi crear unha conta en Google, da cal saben todos os alumnos e o profesor, a clave. A partir desta conta en Google, fixemos un blog onde colocamos noticias de actualidade sobre tecnoloxía, novo software, ...
- Os alumnos fixeron unha páxina web, que son os encargados de mantela, e actualizar contidos sobre apuntes da materia, información de acceso a universidade, fotos das actividades complementarias e extraescolares, acceso a recursos, colocación de apuntes, enlace a ofertas de emprego relacionadas co Ciclo Superior de Telecomunicacións e Informática, Lexislación, ...
- Outro dos motivos tamén era que o grupo era reducido con moi bo ambiente entre os alumnos e con moitas gañas de traballar por parte deles.
- O meu interese pola colaboración co Caderno Dixital que existe no centro, xa que o centro ten implantado as normas de calidade dende hai moitos, tamén teño dixitalizado o caderno do titor, para desenrolar a miña función tutorial.

O emprego das novas tecnoloxías favorece dunha maneira moi importante a redución do emprego de papel, xa que a mellor reciclaxe que podemos facer deste e o non emprego, algo bastante sinxelo co emprego das novas tecnoloxías.

CONCLUSIÓNS E TRABALLOS FUTUROS

Moi positiva xa que nas enquisas que lle pasei os alumnos para cubrir de forma anónima tanto na primeira como na segunda e terceira avaliación no apartado de metodoloxía docente e de emprego das TICs na materia a nota mínima acadada foi de 8 puntos sobre 10 tendo unha nota media de 9,12 puntos. Unha forma de traballar que non puiden repetir no seguinte curso 2009/2010 debido a tipoloxía do alumnado e a dispoñibilidade no centro de acceso a Aula Virtual. Pero esta experiencia pode servir de guía e apoio para outros profesores, mesmo doutros niveis educativos.

Estas son as principais razóns da súa valía:

- Permite ao alumnos un acceso fácil, organizado e rápido á información
- Coa descarga e lectura de documentos, hipervínculos a outras web, novidades dos blogs, etc.
- Fomenta a participación dos alumnos
- Dotándoos dun espazo virtual na propia rede a páxina web e o blog.
- Enviando os traballos por medio da conta de correo evitando o envío en papel, permite a creación de exercicios interactivos mediante a realización de traballos en Internet aproveitando as

ferramentas de Google.

- Escoitando a súa voz nos blogs ([Dives Gallaecia](#), [Viam Stratam](#))
- Comparte experiencias entre os alumnos, formando grupos virtuais de colaboración e participación.
- Un importante aforro de papel, e por tanto de solidariedade co medio ambiente.
- Tratamento e fomento das TICs
- O acostumarse a utilizar as TICs os alumnos como algo habitual no día a día, como e o de mirar o correo electrónico, consultar a páxina web, publicar contidos,...
- Mellora o traballo en grupo, debendo de tomar decisión de acordo mutuo, mellorando a súa capacidade de negociación.
- Tamén encontrarse cos problemas típicos das utilizacións das TICs como pode ser que nun momento determinado non funciona Internet, ou non hai corrente eléctrica,...
- Facer a responsabilidade dos alumnos. O ser eles os encargados do mantemento da páxina web, e do blog, facendo eles as funcións de webmaster e de administrador do blog, ca responsabilidade correspondente.

Como traballos futuros.

O integrar o conxunto de profesores que dan os restantes módulos no ciclo, e que todos utilicemos estas novas ferramentas de forma habitual. Indicar que neste curso hai varios profesores que empregan de maneira habitual o caderno dixital, e que tamén utilizan o correo electrónico para a entrega de traballos evitando a entrega en papel, así como a entrega de contidos puntuais en formato electrónico, algúns dos cales están dispoñibles na páxina web.

Debido a que a totalidade dos alumnos e dos profesores dispoñen de teléfono móbil a integración desta no sistema de comunicación, entre os alumnos e o profesor.

BIBLIOGRAFÍA

- Coll, C., Mauri, T. y Onrubia, J. (2005). *Technology and pedagogical practices: ICT as mediation tools in joint teacher-student activity*. Traballo presentado na American Educational Research Association 2005 Annual Meeting. Montréal, Canada
- Coll, C., Mauri, T. y Onrubia, J. (2008). Análisis de los usos reales de las TIC en contextos educativos formales: una aproximación sociocultural. *Revista Electrónica de Investigación Educativa*, 10 en: <http://redie.uabc.mx/vol10no1/contenido-coll2.html>
- Jonassen, D. H. (2006). *Modeling with technology: Mindtools for conceptual change*. Columbus, OH: Pearson-Prentice Hall.
- Páxina web do I.E.S. Francisco Daviña Rey (2009) <http://centros.edu.xunta.es/iesfranciscodavinarey/>
- Páxina web dos alumnos de 1º do Ciclo Superior de Telecomunicacións e Informática do I.E.S. Francisco Daviña Rey (2009) <http://www.cstimonforte.tk/>
- Revista EL FORMADOR, (2009) nº: 19 "Dar calidad no es una habilidad, es una elección", Málaga,

AGRADECIMENTOS

Os colaboradores no desenvolvemento desta nova forma de docencia que foron os alumnos Adrián Expósito Mateo, Cristián Rodríguez Valcárcel, Vidal Enríquez Pereira, Miguel Ángel Valdés Pérez, Javier Rodríguez Rodríguez, Javier Sanmiguel Vázquez e Javier Yépez Arámbulo. Ademais agradecer a dirección dos I.E.S. Francisco Daviña Rei a dispoñibilidade dos medios materiais necesarios, e o profesor Amancio Rodríguez Rodríguez polo seu magnífico caderno dixital. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria polos medios materiais que hai a disposición dos alumnos e profesores.